

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: ADQUISICIÓN DE BENS INMOBLES PARA CENTRO DE DÍA A JOSÉ OREIRO LAMEIRO E JOSÉ ANGEL OREIRO ROMAR. EXPED. 2024/C009/000002

EXPEDIENTE: 2024/G003/001632

Visto o expediente de contratación incoado a instancia desta Alcaldía, mediante Resolución de data 8 de novembro de 2024 (res 1436/24), para a adquisición directa, mediante compravenda, dos inmobles situados na rúa do atallo nº 11 da parroquia de Cacheiras, que se concretan na planta primeira do inmovle con referencia catastral 02301500NH34D0001PE, cunha superficie aproximada, segundo escritura pública de 17 de setembro de 2024, de 938 m², e a parcela que o circunda, con referencia catastral 15083A060000870000LQ, cunha superficie aproximada de espazo libre, segundo a inscrición no Rexistro da Propiedade, de 2.248 m².

Aprobado o expediente de contratación, mediante Resolución desta Alcaldía do 25 de novembro de 2024 (res nº 1509/2024), ese mesmo día remitiuse a invitación ás persoas propietarias dos inmobles que se pretenden adquirir, José Oreiro Lameiro (rex. saída nº 202400000002761) e José Angel Oreiro Romar (rex. saída nº 202400000002762), sendo recibida ese mesmo día polas persoas interesadas.

Visto que a proposición e a documentación complementaria aportada polas persoas propietarias dos inmobles que se pretenden adquirir, José Angel Oreiro Romar (rex. entrada nº 202499900003747, do 26/11/2024, e nº 202499900003787, do 29/11/2024) e José Oreiro Lameiro (rex. entrada nº 202499900003748, do 26/11/2024, e nº 202499900003786, do 29/11/2024), se axusta ao previsto no Prego de condicións, e vista a restante documentación que integra o expediente.

Visto o Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Teo para o financiamento da adquisición dun inmovle para a construción dun centro de día no Concello de Teo, asinado o 29 de novembro de 2024.

Emitido, con data de 2 de decembro de 2024, informe de intervención de fiscalización fase D, favorable á adquisición pretendida.

En virtude do exposto, sendo competencia desta Alcaldía a adopción deste acordo e en virtude das atribucións que me confire a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP),

RESOLVO:

Primeiro.- Adquirir a D. José Oreiro Lameiro, con DNI ***8973** e a D. José Angel Oreiro Romar, con DNI ***0801**, os inmobles situados na rúa do atallo nº 11 da parroquia de Cacheiras, que se concretan na planta primeira do inmovible con referencia catastral 02301500NH34D0001PE, cunha superficie aproximada, segundo escritura pública de 17 de setembro de 2024, de 938 m², e a parcela que o circunda, con referencia catastral 15083A060000870000LQ, cunha superficie aproximada de espazo libre, segundo a inscrición no Rexistro da Propiedade, de 2.248 m², por un importe total de cento oitenta mil euros (180.000 €), segundo se detalla a continuación:

.- D. José Oreiro Lameiro, planta primeira do inmovible con referencia catastral 02301500NH34D0001PE, cunha superficie aproximada, segundo escritura pública de 17 de setembro de 2024, de 938 m², por importe de 132.759,60 €.

.- D. José Angel Oreiro Romar, parcela que circunda ao inmovible anterior, con referencia catastral 15083A060000870000LQ, cunha superficie aproximada de espazo libre, segundo a inscrición no Rexistro da Propiedade, de 2.248 m², por un importe total de 47.240,40 €.

Segundo.- Os inmobles adquirense, de acordo co previsto na cláusula 9 do Prego de condicións, libres de cargas e gravames e ao corrente de todas as taxas, impostos e contribucións, tanto locais, estatais e/ou autonómicas.

Terceiro.- Formalizar a presente adquisición en escritura pública de conformidade co previsto no Prego de condicións, sendo os honorarios correspondentes satisfeitos pola parte vendedora, de acordo coa cláusula 11 do Prego de condicións.

Cuarto.- De acordo co previsto no Regulamento de Bens das Entidades Locais, e na Lei 3/2003, do 3 de novembro, o ben debería incorporarse ao Inventario municipal e inscribirse no Rexistro da Propiedade, sendo os gastos de inscrición por conta da parte vendedora, de acordo coa cláusula 12 do Prego de condicións.

Quinto.- Notificar o presente aos interesados, e comunicarllo aos departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Sexto.- Dar conta ao Pleno do Concello na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Teo, asinado polas persoas e na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa

A secretaria xeral, que dou fe

Lucía Calvo de la Uz

Virginia Fraga Díaz